





# Ruta Monteventoso-O Pieiro





## DESCRIPCIÓN DA RUTA

Para percorrer este sendeiro das alturas deberemos chegar ata a pequena aldea de O Pieiro, que domina a boca da ría dende o alto. Dende alí tomaremos unha pista que en constante ascensión nos levará pola carena e entre antigas baterías militares ata o antigo observatorio metereolóxico de Monte Ventoso, donde seremos obsequiados coas mellores panorámicas do Concello de Ferrol, vendo polo sur o Cabo Prioriño, a Ría de Ferrol, a de Ares, a de Coruña, en días claros veremos Coruña e otearemos as Illas Sisargas, inicio da Costa da Morte. Polo norte ábrese ante nos os extensos arenais de Doniños e San Xurxo, interrompidos polo Cabo de Lobadiz e o de Prior. Volveremos polo mesmo camiño.